



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Exposición pública do padrón fiscal do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de decembro de 2025

ANUNCIO

O día 5 de febreiro de 2026 ditouse o Decreto da Alcaldía número 86/2026, cuxo teor literal é a seguinte:

“Logo de ver a Ordenanza Fiscal número 25, reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Laxe, publicada no BOP nº 69 de 10/04/2014.

Ao abeiro do previsto nos artigos 4 e 5 da mencionada ordenanza, e en cumprimento do ordenado en providencia da alcaldía do día 18/12/2025 polo negociado de intervención e contabilidade elaborouse o Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de decembro de 2025.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, esta alcaldía.

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de decembro de 2025 que importa un total de tres mil setecentos cincuenta e oito euros con doce céntimos. (3.758,12 euros), que comprende un total de 105 recibos.

Segundo.- Expoñer ao público o padrón aprobado, mediante a publicación de edicto no Boletín Provincial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da corporación, por un prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT).

Terceiro.- Contra as liquidacións aprobadas, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde -Presidente, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación do edicto no BOP.

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de 2 meses contado dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta.

Cuarto.- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses contados a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública. Transcorrido o prazo do cobro en período voluntario procederase a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 e 28 da LXT. Non obstante, tal e como prevé a Ordenanza Fiscal número 25, o cobro do prezo público realizarase unha vez transcorrido o período de exposición pública.

Mándao e asíno en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde do que eu como secretaria dou fe”

Laxe, a 6 de febreiro de 2026.

O alcalde,

Francisco Charlín Oróns

(documento asinado dixitalmente)